

## **Resolución reitoral do 13 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión dunha Bolsa Santander Excelencia 360º e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26**

### **PREÁMBULO**

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander S.A. e a Universidade da Coruña, convócase o programa de Bolsas Santander Excelencia 360º 2026.

### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxectivo da bolsa**

1. A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander, co ánimo de promoveren o mérito académico e a participación activa na vida universitaria, convocan unha bolsa de excelencia para o alumnado matriculado nun grao da UDC no curso académico 2025/26, a tempo completo, segundo os requisitos que establece esta convocatoria.

#### **Artigo 2. Dotación, contía e pagamento**

1. Os fondos destinados a esta bolsa serán financiados polo Banco Santander dentro do convenio coa UDC e con cargo á partida orzamentaria 03.0A.25.00.05 422D 480.00.

2. A contía bruta da bolsa será de 12.000 €, á que se lle aplicará a normativa tributaria correspondente en materia do imposto sobre a renda das persoas físicas, e que dará lugar á retención que corresponda.

3. O pagamento efectuarase mediante unha transferencia á conta indicada polo/a estudante, da cal deberá ser titular, seguindo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.

### **CAPÍTULO II. Solicitudes**

#### **Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes**

1. Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado nun grao no curso 2025/26 na Universidade da Coruña, a tempo completo, de todos os créditos que resten para finalizar a titulación, e estar ao corrente do pagamento dos prezos públicos.
- b) Ter superado un mínimo de 180 créditos, cunha nota media igual ou superior a 8,5 puntos sobre 10.

As materias ou créditos recoñecidos, adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos.

- c) Participar significativamente na vida universitaria segundo se establece no artigo 4.1.e) desta convocatoria.

- d) O estudiantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.

#### **Artigo 4. Valoración de solicitudes**

1. A puntuación total será a suma dos seguintes apartados:

- a) Nota media do expediente do grao cursado pola persoa solicitante, calculada en base 10.
- requisito mínimo: 8,5 puntos.
- b) Acreditación de nivel de idiomas C1 ou superior nunha lingua non oficial en España:
- 0,50 puntos por cada certificación de idioma, ata un máximo de 1 punto.
- c) Participación nun programa de intercambio internacional, ata o máximo de 1 punto, segundo a súa duración:
- un cuatrimestre: 0,50 puntos
  - curso completo: 1 punto
- d) Acreditación dunha discapacidade igual ou superior ao 33 %:
- 0,50 puntos.
- e) Implicación significativa das persoas candidatas nas actividades universitarias durante os seus estudos de grao na Universidade da Coruña.
- puntuación mínima: 0,25 puntos.
  - puntuación máxima: 8 puntos

A puntuación total neste apartado valorarase en función da implicación efectiva no desenvolvemento da actividade, que deberá acreditarse mediante o correspondente certificado ou diploma. Non se terá en conta a mera inscrición ou asistencia ás actividades.

A colaboración e o desenvolvemento de cada actividade valorarase con 0,25 puntos. Poderase acadar ata o máximo de 1 punto en cada un dos seguintes bloques:

Bloque 1: Actividades culturais e de divulgación.

Bloque 2: Actividades de igualdade ou diversidade.

Bloque 3: Actividades de sustentabilidade e medio ambiente.

Bloque 4: Actividades de voluntariado, cooperación e internacionalización.

Bloque 5: Actividades de formación desenvolvidas en programas de empregabilidade, emprendemento e xeración de talento, así como as bolsas de colaboración para formación complementaria do plan propio da Universidade da Coruña, sempre que estean debidamente finalizadas.

Bloque 6: Actividades como representante do estudantado e/ou como membro das asociacións de estudantes inscritas no Rexistro de Asociacións da Universidade da Coruña.

Bloque 7: Actividades de fomento da lingua galega.

Bloque 8: Actividades deportivas e/ou recoñecemento da condición de deportista de alto nivel/rendemento ou participación en competicións deportivas (ligas universitarias, equipos federados propios da UDC e campionatos universitarios).

2. No caso de empate na puntuación final terase en conta a nota media do expediente académico. De continuar o empate, aplicaranse os seguintes criterios: maior número de matrículas de honra; se o empate persiste, maior número de sobresaíntes; e se o empate aínda persiste, prevalecerá a persoa con maior número de actividades universitarias acreditadas conforme o establecido no artigo 4.1.e) desta convocatoria.

### **Artigo 5. Solicitudes, documentación e prazo**

O procedemento é integramente telemático.

1. O estudantado que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria deberá tramitar a solicitude da bolsa e realizar obrigatoriamente os dous pasos que se indican a continuación:

**Paso 1.-** Presentar a solicitude a través do formulario en liña que figura na seguinte ligazón:

<https://forms.office.com/e/Hy8vC2QskR>

**Paso 2.-** Rexistrarse na plataforma de bolsas do Banco Santander na convocatoria específica para esta bolsa, na seguinte ligazón:

<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/excelencia-360o-2026>

A non realización de ambos os dous pasos implicará a inadmisión da solicitude e a súa exclusión da convocatoria.

2. Todas as persoas solicitantes deberán achegar, xunto co formulario indicado no punto 1, a seguinte documentación:

- a) DNI ou documento de identificación de estranxeiros (NIE), en vigor. Non será válida a solicitude con pasaporte. O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a súa condición de residentes.
- b) O xustificante do pagamento dos prezos públicos de matrícula do curso 2025/26.
- c) A documentación acreditativa da súa participación nas actividades universitarias.
- d) O anexo I cuberto e asinado no caso de acreditar unha discapacidade superior ao 33 %.

3. O prazo de presentación das solicitudes estará aberto desde o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC ata as 23:59 h do 7 de maio de 2026.

### **Artigo 6. Incompatibilidades**

Esta axuda non ten concedida a compatibilidade coa bolsa de carácter xeral para estudantes que cursen estudos postobrigatorios do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

## **CAPÍTULO III. Obrigas**

### **Artigo 7. Obrigas e incumprimento da persoa beneficiaria**

A persoa beneficiaria deberá manter a matrícula activa todo o curso académico 2025/26. No caso de incumprimento das súas obrigas ou renuncia deberá reintegrar a cantidade percibida.

## **CAPÍTULO IV. Comisión de selección**

### **Artigo 8. Composición**

A comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

- a) Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade.
- b) Vogal 1: Ángel Fernández Castro, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.
- c) Vogal 2: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade.
- d) Vogal 3: José Luís Añón Teijido, adxunto de Estudantes.
- e) Vogal 4: Lúa Rico Rodríguez, representante do estudantado.
- f) Secretaria: M.<sup>a</sup> Elena Figueiras Casariego, xefa do Servizo de Estudantes.

### **Artigo 9. Interpretación**

1. A comisión está facultada para resolver todas aquelas cuestións que xurdan respecto a esta convocatoria.
2. As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal), coa indicación no asunto de «Bolsa Santander/Excelencia 360º».

## **CAPÍTULO V. Resolución**

### **Artigo 10. Resolución e publicación**

1. Unha vez que remate o proceso de valoración das solicitudes, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a resolución provisional coa bolsa concedida, a relación de solicitudes denegadas, coa mención da causa da denegación, e a listaxe de agarda.

2. As persoas interesadas poderán presentar alegacións e/ou a documentación necesaria para emendar erros no prazo de 5 días hábiles, que conta a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

Non se valorará documentación que non se refira a méritos indicados na solicitude.

3. Unha vez que transcorra o prazo de alegacións e de que as valore a comisión de selección, publicarase no TEO a resolución definitiva co nome da persoa beneficiaria da bolsa, a relación de solicitudes denegadas, coa mención da causa da denegación, e a listaxe de agarda.

4. A persoa beneficiaria da bolsa deberá aceptar segundo se indique na resolución definitiva. No caso de renunciar, adxudicáraselle á primeira persoa solicitante que figure na listaxe de agarda.

## **CAPÍTULO VI. Protección de datos**

### **Artigo 11. Protección de datos**

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria a través da páxina web <https://www.santanderopenacademy.com/es/index.html> serán tratados baixo a responsabilidade do Banco Santander e da Universidade da Coruña (UDC: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)).

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos anteriormente, sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa dispoñibles na propia universidade.

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión da Bolsa Santander Excelencia 360°. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos con esta finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada

finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

3. No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, incluídos calquera certificado ou documentación que a Universidade considere necesaria, farao de acordo coas regulacións aplicables sobre protección de datos persoais vixentes en cada momento. Para isto, será necesario que as persoas candidatas que cumpran cos criterios de discapacidade, acheguen o dito certificado xunto co anexo I (Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de bolsas Santander Excelencia 360º) debidamente cuberto e asinado. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola Universidade.

4. A UDC non proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander S.A., nin a ningunha das súas subsidiarias. En calquera caso, a UDC non proporcionará ningún dato, indicio ou documento que poida permitir ao Banco Santander S.A. ou a calquera das súas subsidiarias, inferir ou identificar de algún xeito que requisitos dos artigos 3 e 4 cumpre/n a/s persoa/s adxudicataria/s.

5. Coa súa participación nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente no citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que figuran no artigo 6 do RXPD.

6. Para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos, pódese consultar a [páxina web da UDC](https://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos) [https://www.udc.gal/goberno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos](https://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos). A política de privacidade do Banco Santander S.A. pódese consultar en <https://www.santanderopenacademy.com/es/legal/privacy.html>.

### **Disposición adicional primeira. Contacto coa persoa adxudicataria**

Unha vez finalizado o Programa, o Banco Santander poderá organizar un evento para presentar os resultados. Para iso, poderá contactar coa persoa adxudicataria a través de calquera medio, incluída a vía electrónica.

### **Disposición final primeira. Recursos**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

### **Disposición final segunda. Eficacia**

Esta resolución terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

P. D. (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

## ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa Bolsas Santander Excelencia 360° 2026

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 679/2016, xeral de protección de datos, informamos de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Mestranza, 9, 15001 A Coruña, co NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Sección de Bolsas, Casa do Estudantado, campus de Elviña, 15071 A Coruña, en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao **Programa Bolsas Santander | Excelencia 360° 2026** (en diante, *o Programa*) que se lles ofrece a persoas candidatas cun determinado grao de discapacidade co obxectivo de fomentar a formación e empregabilidade das persoas con discapacidade. É, por tanto, necesario que as persoas candidatas á bolsa do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade; de non facelo, non poderán ser beneficiarias destas. A base xurídica que habilita a Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde, polo que este consentimento é obrigatorio para poder ser candidata a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros agás por obriga legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades que xurdan do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal).

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

Consinto que a miña universidade trate os meus datos relativos á discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente á **Bolsa Santander | Excelencia 360° 2026**.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura: